

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

PORTOS DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 30 de xullo de 2014 pola que se aproba o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de San Tomé-Tragove.

A Área de Explotación e Planificación Portuaria do ente público Portos de Galicia redactou e tramitou o documento de delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Santo Tomé-Tragove, instalacións portuarias situadas no termo municipal de Cambados, na provincia de Pontevedra, e adscritas ao ente público para a súa xestión. Este documento foi redactado de acordo coa súa formulación prevista no artigo 69 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro (*Boletín Oficial del Estado* núm. 253, do 20 de outubro), aplicable ao dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia.

Na reunión do Consello de Administración de Portos de Galicia que tivo lugar o día 23 de xullo de 2014, este acordou dar a súa conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Santo Tomé-Tragove, segundo o disposto no artigo 13.e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, e o referido artigo 69 do texto refundido, así como elevalo e propoñelo para a súa aprobación.

Unha vez vistos o expediente e o informe-proposta da xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria do 18 de xullo de 2014 que conta coa conformidade do director de Portos de Galicia, así como o acordo do Consello de Administración de Portos de Galicia do 23 de xullo de 2014 dando a conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Santo Tomé-Tragove e elevándoo e propoñéndoo para a súa aprobación, o presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación da conselleira do Medio Rural e do Mar conferida por Orde do 30 de marzo de 2012,

RESOLVE:

Aprobar o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Santo Tomé-Tragove (Pontevedra), na súa versión asinada en abril de 2014 polos enxeñeiros de camiños, canles e portos Andrés Cervantes Refojos, como xefe do Departamento de Pla-



nificación Portuaria, por Ana Isabel Calzadilla Bouzón, como xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria, e por Iñaki Cubillo Bueno, da empresa consultora Eptisa, e a súa memoria ambiental resolta pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o 27 de xuño de 2014.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

José Juan Durán Hermida
Presidente de Portos de Galicia

CVE-DOG: 1nfehxy0-su82-mem1-fgv7-polobpieok5

